


**A esencia máis nosa**

**Manuel María e a súa obra en imaxes**



**Día das Letras Galegas 2016**

**MANUEL MARIA**



Bibliotecas Públicas  
Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011

# A esencia máis nosa



## Manuel María e a súa obra en imaxes

### Biografía

Manuel María Fernández Teixeiro naceu un 6 de outubro de 1929 en Outeiro de Rei, na Terra Chá luguesa. Fillo de labregos acomodados, Antonio Fernández Núñez e Pastora Teixeiro Casanova, viviu nun ambiente familiar tradicional. O pai, foi alcalde de Outeiro de Rei durante a Guerra Civil española e mantívose no cargo durante a posguerra, ata a súa morte no ano 1943. Manuel María, o primoxénito, tivo tres irmáns varóns máis: Xosé María, Antón María e Xesús María.

Os seus primeiros estudos realízaos na escola de Outeiro de Rei co mestre Domingo Cabana. Despois pasa á outra de Outeiro e desta á de Rábade. É nesta escola onde vai ter o seu primeiro contacto coa literatura galega. O mestre, Xoán Bautista, dedicaba as clases dos sábados pola tarde a ler contos e poemas no noso idioma, a pesar da prohibición de usalo en todas as escolas.

Texto extraído de: <http://seminariogalan.org/2016/biografia.pdf>



Día das Letras Galegas 2016

MANUEL MARÍA

# A esencia máis nosa



## Manuel María e a súa obra en imaxes

### Biografía

En maio de 1943 tras a morte do seu pai, faise cargo da súa educación o seu tío crego, Xosé Fernández, que o leva a Lugo e méteo interno na Academia Galicia, rexentada polos irmáns Maristas. Durante a súa estadía en Lugo coñece a Uxío Novoneyra, co que manterá unha gran amizade ao longo da súa vida. Os dous acudirán ao faladoiro do Café Méndez Núñez, onde entrarán en contacto con numerosos intelectuais galegos: Pimentel, Celestino Fernández, Ánxel Fole, Cunqueiro, Carballo Calero e Aquilino Iglesias Alvariño. Nesta cidade publica por vez primeira os seus versos na revista Xistral e, en 1950, o seu poemario «*Muiñeiro de brétemas*», sendo o autor máis novo que publicaba en galego na posguerra. O amor pola poesía víñalle do seu contacto de neno con Manuel de Paderna, un criado da casa paterna. En 1951 decide estudar Filosofía, pero o seu tío Xosé obrígao a matricularse en Dereito na Universidade de Santiago de Compostela. O fracaso académico é total e volta para Lugo sen tan sequera recoller as cualificacións.

Texto extraído de: <http://seminariogalan.org/2016/biografia.pdf>



Día das Letras Galegas 2016

MANUEL MARIA

# A esencia máis nosa



## Manuel María e a súa obra en imaxes

### Biografía

▲ realización do servizo militar obrigatorio, despois do período campamental de Parga, fai que volva de novo a Compostela en compañía de Uxío, que tamén facía o servizo militar. Na capital galega os dous amigos convértense en habituais do faladoiro do Café Español, do Derby e do Avenida; onde comparten mesa con Maside, Otero Pedrayo, Bouza Brey, Ramón Lufrís, Pura Vázquez, Celso Emilio... Xa nesta época era un habitual nos recitais de poesía e nas conferencias dos centros culturais galegos. Remata o servizo militar e volve a Lugo desde onde prepara os exames para Procurador dos Tribunais sen deixar a actividade cultural e política: publicación da súa poesía en revistas e xornais, participación nos Xogos Florais de Ourense, certames poéticos da Coruña, Vilagarcía, Monforte, Guimaraes...

■ Realiza na Coruña, en 1957, o exame para procurador, aproba e escolle Monforte como destino profesional pola suxestión de César Quiroga que lle ofrece unha colaboración na emisora de radio local que el dirixía. Dous anos despois casa con Saleta Goy García, nunha cerimonia íntima celebrada en Lugo, na Capela do Perpetuo Socorro da igrexa da Milagrosa, que fora construída por iniciativa de Xosé Fernández, o seu tío. Durante estes anos a súa poesía vaise transformando e adquirindo un carácter máis social e nacionalista.

Texto extraído de: <http://seminariogalan.org/2016/biografia.pdf>



Día das Letras Galegas 2016

MANUEL MARÍA

# A esencia máis nosa

# Manuel María e a súa obra en imaxes



## Biografía

■ntégrase na Unión do Povo Galego (UPG) e na Fronte Cultural da ANPG. Esta toma de postura levaralle a unha certa marxinalización dalgúns sectores culturais galegos contrarios á participación en movementos políticos.

■En Monforte a súa actividade é incesante: traballa como procurador, dá clases nunha academia, intervén como locutor na radio local, escribe, percorre o país dando conferencias, mantén viva a editorial Xistral, creada en Lugo en 1952; abre a librería Xistral dedicada á venda de cerámica de Sargadelos, libros e música no noso idioma, a librería convértese nun referente cultural, establecéndose nela un faladoiro onde converxerán os sectores máis dinámicos da política e cultura do país.

▲ implicación do poeta coa política e cos movementos nacionalistas é intensa. Presenta a súa candidatura para alcalde de Monforte nas primeiras eleccións municipais despois da instauración da democracia. Non acadou o cargo pero resultou elixido como concelleiro. En 1977 presentouse como número un nas listas do BN-PG ao Senado por Lugo, aínda que aquí non obtivo o escano.

Texto extraído de: <http://seminariogalan.org/2016/biografia.pdf>



Día das Letras Galegas 2016

MANUEL MARIA

# A esencia máis nosa

# Manuel María e a súa obra en imaxes



## Biografía

En 1998, despois da súa xubilación como Procurador, Saleta e el trasladan a súa residencia á cidade da Coruña. Segue traballando e participando en actividades culturais e políticas sempre vinculadas ao noso país: homenaxe a Alexandre Bóveda, participación no Correlingua, presentación de libros, manifestacións de Nunca Máis, participación no faladoiro da cafetería Kirss...

No ano 1970 foi nomeado membro correspondente da Real Academia Galega, a proposta de Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez, Fermín Bouza-Brei e Francisco Vales Villamarín. No seu libro «*Cantos rodados para aliados e colonizados*» aparece o poema «*Responso por unha Academia*» escrito ao tempo que presentaba a súa baixa da Real Academia.

Trinta e tres anos despois do seu primeiro nomeamento como membro da RAG é novamente proposto, esta vez como membro numerario. A proposta vén da man de Xosé Luís Franco Grande, Ramón Lorenzo e Méndez Ferrín. Acéptao e ingresa un 15 de febreiro de 2003, con setenta e tres anos de idade. O seu discurso levará por título «*A Terra Chá: poesía e paisaxe*» sendo respondido polo académico e presidente da entidade Xosé Luís Méndez Ferrín. Faleceu na Coruña o 8 de setembro de 2004 e os seus restos están soterrados no cemiterio de Santa Isabel en Outeiro de Rei.

Texto extraído de: <http://seminariogalan.org/2016/biografia.pdf>



Día das Letras Galegas 2016

MANUEL MARÍA


# A esencia máis nosa



## Manuel María e a súa obra en imaxes

A tribo ten catro ríos

Manuel María



CASA - MUSEO  
MANUEL MARIA

*A tribo ten catro ríos (2015)*

Día das Letras Galegas 2016


MANUEL MARIA

# A esencia máis nosa

## Manuel María e a súa obra en imaxes



**AS·PG**  
ASOCIACIÓN SÓCIO-PEDAGÓXICA GALEGA



**AVENTURAS E DESVENTURAS  
DUNHA ESPÍÑA DE TOXO  
CHAMADA BERENGUELA  
Manuel María**

*Aventuras e desventuras dunha espíña de toxo chamada Berenguela (1993)*


Día das Letras Galegas 2016

**MANUEL MARIA**

# A esencia máis nosa



## Manuel María e a súa obra en imaxes



Cando o mar  
foi polo río

Manuel María

CASA - MUSEO  
MANUEL MARÍA

*Cando o mar foi polo río (2015)*

Día das Letras Galegas 2016

MANUEL MARÍA

# A esencia máis nosa



## Manuel María e a súa obra en imaxes



*O bigote de Mimi (2003)*


Día das Letras Galegas 2016

**MANUEL MARIA**

# A esencia máis nosa



Manuel María e a súa obra en imaxes




*Os soños na gaiola (2015)*

Día das Letras Galegas 2016

**MANUEL MARIA**

# A esencia máis nosa

## Manuel María e a súa obra en imaxes




*Abril de lume e ferro (1989)*

# A esencia máis nosa



## Manuel María e a súa obra en imaxes




*As ribeiras son escuras (1997)*

Día das Letras Galegas 2016

**MANUEL MARÍA**

# A esencia máis nosa


## Manuel María e a súa obra en imaxes



*Galiza (2010)*

# A esencia máis nosa

## Manuel María e a súa obra en imaxes



*Historias do empardecer (2003)*


Día das Letras Galegas 2016

**MANUEL MARIA**

# A esencia máis nosa



## Manuel María e a súa obra en imaxes




*O xornaleiro e sete testemuñas máis (1971)*

Día das Letras Galegas 2016

**MANUEL MARIA**

# A esencia máis nosa

## Manuel María e a súa obra en imaxes



*Os ontes do silencio (1990)*

Día das Letras Galegas 2016

MANUEL MARIA

# A esencia máis nosa

Manuel María e a súa obra en imaxes



*A esencia máis nosa (2015)*

Día das Letras Galegas 2016

MANUEL MARIA

# A esencia máis nosa

## Manuel María e a súa obra en imaxes



*Manuel María*

### A PRIMAVERA DE VENUS



ESPIRAL MAIOR  
POESIA

*A primavera de Venus (1993)*


Día das Letras Galegas 2016

**MANUEL MARIA**

# A esencia máis nosa



## Manuel María e a súa obra en imaxes



*Sonetos á Casa de Hortas (1997)*

Día das Letras Galegas 2016


**MANUEL MARIA**

# A esencia máis nosa

## Manuel María e a súa obra en imaxes

Advento

obra Manuel María  
*Poesía*



*Advento (2014)*


Día das Letras Galegas 2016

**MANUEL MARIA**

# A esencia máis nosa



## Manuel María e a súa obra en imaxes




*As lúcidas luas do outono (1988)*

Día das Letras Galegas 2016

**MANUEL MARÍA**

# A esencia máis nosa

## Manuel María e a súa obra en imaxes



*As rúas do vento ceibe (1979)*

# A esencia máis nosa



## Manuel María e a súa obra en imaxes

MANUEL MARÍA

# BRÉTEMAS DO MUIÑEIRO



POESIA

*Brétemas do muiñeiro (2000)*

Día das Letras Galegas 2016

**MANUEL MARIA**

# A esencia máis nosa

## Manuel María e a súa obra en imaxes



*Cataventos de neutrós domesticados (2006)*

Día das Letras Galegas 2016


MANUEL MARIA

# A esencia máis nosa

## Manuel María e a súa obra en imaxes

Cecais hai unha luz

obra  
Manuel María  
*Poesía*



*Cecais hai unha luz (2010)*


Día das Letras Galegas 2016

**MANUEL MARIA**

# A esencia máis nosa



## Manuel María e a súa obra en imaxes



*O Miño canle de luz e néboa (1996)*


Día das Letras Galegas 2016

**MANUEL MARIA**

# A esencia máis nosa



## Manuel María e a súa obra en imaxes



*Os lonxes do solpor (2012)*

Día das Letras Galegas 2016

**MANUEL MARIA**

# A esencia máis nosa

Manuel María e a súa obra en imaxes



*Ritual para unha tribo capital do concello (1986)*


Día das Letras Galegas 2016

MANUEL MARIA

# A esencia máis nosa



## Manuel María e a súa obra en imaxes




*Terra Chá (2015)*

Día das Letras Galegas 2016

**MANUEL MARIA**

# A esencia máis nosa


## Manuel María e a súa obra en imaxes



*Abril de lume e ferro (1989)*

# A esencia máis nosa


## Manuel María e a súa obra en imaxes



*Barriga verde (1968)*

# A esencia máis nosa

## Manuel María e a súa obra en imaxes



*Edipo (2003)*

# A esencia máis nosa



## Manuel María e a súa obra en imaxes

### *A fala*

O idioma é a chave  
coa que abrimos o mundo:

o salouco máis feble,  
o pesar máis profundo.

O idioma é a vida,  
o coitelo da dor,  
o murmurio do vento,  
a palabra de amor.

O idioma é o tempo,  
é a voz dos avós  
e ese breve ronsel  
que deixaremos nós.

O idioma é un herdo,  
patrimonio do pobo,  
maxicamente vello,  
eternamente novo.

O idioma é a patria,  
a esencia máis nosa,  
a creación común  
meirande e poderosa.

O idioma é a forza  
que nos xungue e sostén.

¡Se perdemos a fala  
non seremos ninguén!

O idioma é o amor,  
o latexo, a verdade,  
a fonte da que agroma  
a máis forte irmandade.

Renunciar ao idioma  
é ser mudo e morrer.

¡Precisamos a lingua  
Se queremos vencer!

*As rúas do vento ceibe (1979)*

Manuel María

# A esencia máis nosa



## Manuel María e a súa obra en imaxes

### *A palabra*

Nós, de verdade, unicamente temos a palabra. Só a palabra verdadeira pode traducir a pecha e insondábel soidade do noso ser. Só a nosa palabra. A propia. A que pertence á nosa lingua. A que amamos. A que usa, coñece e recoñece a nosa xente. Sen a palabra sería a pobreza, a miseria total, a impotencia, a escuridade e o non ser. Mais hai quen manipula, forza, retorce, desfai e prostitúe o auténtico senso da palabra. Hai quen mente. E aínda hai o frío, feroz asasino da palabra.

*A luz resucitada (1984)*

Manuel María

# A esencia máis nosa



## Manuel María e a súa obra en imaxes

### *Canción para agardar un novo día*

Non podemos durmir, anque é de noite,  
porque temos que chamar polos irmaos,  
anque a sombra e o vento nos escoite,  
anque nos aten espírito, pés e maos.

Anque o noso carro parta polo eixe  
e coma o demo: beleza e poesía.  
Anque o sono nos ronde e non nos deixe  
saír cara o sol, á luz do día.

Non podemos durmir, anque a canseira  
nos peche o corazón, ollos e mente.  
Temos que despertar. E nesta xeira  
berrarlle a todo o mundo, a toda a xente:

*“¡Estamos enterrados entre nebras,  
estamos afogados entre prantos!  
¡Temos que basoirar todas as tebras,  
sepultar os arrepíos e os espantos!*

*¡Temos que encamiñarnos para o albor  
e andar polo chao con pé seguro!  
¡Temos que sementar amor e máis furor  
para colleitar esperanza e máis futuro!”*

*Canciós do lusco ao fusco (1970)*

*Manuel María*

Día das Letras Galegas 2016

**MANUEL MARÍA**

# A esencia máis nosa



## Manuel María e a súa obra en imaxes

### *Canto ao idioma galego*

Idioma meu, homilde, nidio, popular,  
labrego, suburbial e mariñeiro  
que fas avergoñar  
ao burgués, ao señorito e ao tendeiro:  
levas sangue do povo  
e raigañas escuras  
que anuncian un día novo  
sen mágoas nin tristuras.  
Idioma proscrito,  
asoballado,  
soterrado,  
refugado,  
negado  
como a pobreza e o delito,  
fala do emigrante e do maldito:  
soio resoas nos lares  
das xentes populares.  
¡Ti tés que rexurdir puro,  
poderoso, enteiro  
pra erguer o noso futuro  
de povo absoluto e verdadeiro!

*Manuel María*

*Cantos rodados para alleados e colonizados (1976)*

# A esencia máis nosa



## Manuel María e a súa obra en imaxes

### *Dimensións*

Ollada a Terra Chá dende as alturas  
é semellante a un mar en calma.

Para medila só valen dúas mensuras:  
¡ferrados de corazón, fanegas de alma!

*Terra Chá (1954)*

Manuel María

Día das Letras Galegas 2016

MANUEL MARÍA

# A esencia máis nosa



## Manuel María e a súa obra en imaxes

### *Galiza*

Galiza docemente  
está ollando o mar:  
¡iten vales e montañas  
e terras pra labrar!

Ten portos, mariñeiros,  
ciudades e labregos  
¡cargados de traballos,  
cargados de trafegos!

Galiza é unha nai  
velliña, soñadora:  
¡na voz da gaita rise,  
na voz da gaita chora!  
Galiza é o que vemos:  
a terra, o mar, o vento...

¡Pro hai outra Galiza  
que vai no sentimento!

Galiza somos nós:  
a xente e maila fala  
¡Se buscas a Galiza  
en ti tes que atopala!

*Manuel María*

*Os soños na gaiola (1969)*

Día das Letras Galegas 2016

**MANUEL MARIA**

# A esencia máis nosa



## Manuel María e a súa obra en imaxes

### *O arado*

Labrado da miña mao  
fixen, coa miña navalla,  
un aradiño de pao...  
Leva timón e chavella  
je unha rella furadora  
feita dunha lata vella!  
Ten orelleiras; rabela  
tan luída e rematada  
ique namora mirar para ela!  
O meu arado é tan feito  
ique pode incluso esfender  
labradíos a barbeito...!  
¡Teño xa que darlle estreno  
ó meu arado arador,  
ó meu arado pequeno...!  
¡E non sei a ónde hei de ir  
busca-los bois que preciso,  
busca-los bois para xunguir!

*Os soños na gaiola (1972)*

Manuel María

# A esencia máis nosa



## Manuel María e a súa obra en imaxes

### *O carro*

Teño un carriño cantor,  
teño un carro cantareiro  
¡con fungueiros afiados  
e con eixo de amieiro!  
O meu carro canta ben,  
non pode cantar mellor.  
¡Meu carriño cantareiro,  
meu carriño cantador!

O meu carro canta, canta;  
nunca cansa de cantar.  
¡De día cántalle ao sol;  
de noite, canta ao luar!  
Ouh, meu carriño cantor:  
cantas agora e despois.  
¡Con qué fachenda te leva  
miña parella de bois...!

*Os soños na gaiola (1972)*

Manuel María

Día das Letras Galegas 2016

**MANUEL MARÍA**

# A esencia máis nosa



## Manuel María e a súa obra en imaxes

### *O cuco*

Canta cuco ou cala cuco:  
eu en ti xa non che creo  
desque sei que vas poñer  
o teu ovo en niño alleo.

Desleixado e perguiceiro,  
soio pensas en folgar.  
¡Dices somentes dúas notas  
e xa tés que descansar!

¡Canta cuco ou cala cuco,  
perguiceiro, nugallón:  
a min pouco che me importa  
que esteñas cantando ou non!

*Os soños na gaiola (1972)*

Manuel María

# A esencia máis nosa



## Manuel María e a súa obra en imaxes

### *O cuco*

O cuco, cuco cuqueiro.

O cuco, cuco, cucón.

¡Madrugón e cantareiro!

¡Cantareiro e madrugón!

Óise pola carballeira  
o vello cuco souril  
ó nacer a Primaveira  
entre o Marzo e o Abril.

¡O vello cuco, cucou  
e moito máis cucará!  
¡O cuco non me capou  
e nunca me capará!

Polas mañás ben cediño  
o cuco canta: “cú-cú”  
¡Como o teño por veciño  
eu trato ao cuco de tu!

*Terra Chá (1954)*

Manuel María

# A esencia máis nosa



## Manuel María e a súa obra en imaxes

### *O lume novo*

Hoxe é o lume novo,  
noite de San Xoán.  
¡As ledas fogueiras  
acesas están...!  
¡Que gusto, rapaces,  
salta-las fogueiras,  
dar brincos, rebrincos  
e pinchacarneiras!  
¡Que gusto, rapaces,  
correr e saltar,  
dar brincos e pulos,  
volver a brincar!  
¡Que gusto, que ben  
salta-las fogueiras  
coas chamuscas subindo,  
medrando lixeiras!  
Á mañá, o borrallo  
terase apagado...  
¡E sobre el despacio,  
pasará o gando...!  
¡Pasará o gando  
tripando o borrallo  
pra que non o pille  
o mal do meigallo!

*Os soños na gaiola (1968)*

Manuel María

Día das Letras Galegas 2016

MANUEL MARÍA

# A esencia máis nosa



## Manuel María e a súa obra en imaxes

### *O Miño*

O Miño é vello e é tristeiro:  
sempre vai mudo e vai senlleiro.  
No Inverno semella que murmura  
un segredo con forte voz escura.  
Un escoita, atento e esperanzado,  
e o vello Miño sempre vai calado.

*Terra Chá (1954)*

Manuel María  
—

Día das Letras Galegas 2016

MANUEL MARIA

# A esencia máis nosa



## Manuel María e a súa obra en imaxes

### *O poema*

Un poema é un ser vivo que anda,  
respira, soña, chora, salouca,  
ama, berra, cintila e escurece,  
cala, aborrece a mentira,  
sinte odio e tenrura, desángrase,  
fala de intimidade a intimidade  
coas cousas e coa xente, suxire  
mundos posíbeis e imposíbeis,  
súa, cansa, sofre sede e fame,  
adoece, agoniza.  
E nunca morre.

*A luz resucitada (1984)*

Manuel María

Día das Letras Galegas 2016

MANUEL MARIA

# A esencia máis nosa



## Manuel María e a súa obra en imaxes

### *Rosas*

Sempre a rosa. Sempre:  
a forma,  
a cor,  
o recendo,  
a luz,  
a perfección da rosa.  
Prefiro a rosa vermella.  
E amo a rosa branca  
porque cando lle digo  
simplemente: ROSA,  
entorna os ollos,  
trema  
e ruborece.

*A luz resucitada (1984)*

Manuel María

# A esencia máis nosa



## Manuel María e a súa obra en imaxes

### *Sei dun país...*

Sei dun país que existe e non existe:  
é unha patria terreal e humana  
que envellece comigo día a día.  
Teño na lembranza o seu recendo  
a terra húmida, rosas e loureiro.  
Habito as súas cidades exemplares  
feitas de amor, dor e pedra gra  
con árbores e rúas silandeiras  
que van desembocar a prazas íntimas  
de nomes de estrela ou andoriña.  
Nos meus ollos levo as súas paisaxes,  
a máxica xeometría das súas casas,  
o seu ceo limpo, azul-grisento,  
sucado de leves nubes camiñantes,  
de brétemas vagas como anceios  
e luceiros que queiman como brasas.  
Nos meus ouvidos gardo o son sutil  
do vento cantando nos carballos,  
o musical murmurio dos seus ríos,  
o berro escuro e forte dos seus mares  
e os versos que din as arboredas.  
Esta patria existe. Eu vivo nela.  
Non ten odios, rancores nin envexas.  
Nunca souben, nin sei, o nome seu.  
Mais cando desexo nomear a este país  
os meus beizos éunchense de luz  
e, dende o fondo do ser, digo: SALETA.

*O camiño é unha nostalxia (1985)*

*Manuel María*

Día das Letras Galegas 2016

**MANUEL MARIA**

# A esencia máis nosa



## Manuel María e a súa obra en imaxes

*Sei o que vale un verso*

Sei que todos os versos do mundo  
non valen o que vale un home,  
o que vale

o berro dolorido dunha nai,  
o bico apaixonado dos amantes  
ou o tenro recendo dunha flor.

Sei que os versos non valen  
pero sigo escribindo sen parar.

Sigo escribindo con carraxe,  
entusiasmo e paixón

por se acado algo de poesía  
-unha folliña só que move o vento-  
entre a faramalla das miñas  
pobres verbas desnortadas.

Un verso nunca vale  
o que vale o chío dun paxaro,  
nin ten a forza dun río  
ou o poder arrepiante dunha bala.

Pero eu sigo fidel, encadeado  
á música amorosa das palabras.

*Remol (1970)*

*Manuel María*

# A esencia máis nosa



## Manuel María e a súa obra en imaxes

### *Terra Chá*

A Terra Chá somentes é:  
un povo aquí, outro acolá,  
mil arbres, monte raso,  
un ceo chumbo e tráxico  
no que andan as aves a voar.  
O resto é soedá.

*Terra Chá (1954)*

Manuel María

# A esencia máis nosa



## Manuel María e a súa obra en imaxes

### *Verbas a un irmao*

Escoita, irmao, as miñas verbas:  
son sinxelas e impuras  
como as verbas feridas  
co coitelo dos beizos, cada día.  
Vouche dicir tan só que teño  
a miña mao tendida,  
aberta, núa e viva como o mar.  
Que teño, irmao, maduro o corazón  
para gardar nel as verbas túas.  
Que a vida é moi fermosa  
aínda que hai homes  
que teñen os beizos emporcados  
con verbas de falsía,  
e o corazón podre polo odio,  
e as maos pingando sangue,  
e agachados, no fondo dos seus petos,  
en vixía,  
coitelos e pistolas asasinas.  
¿Que importa, irmao, que morra o día  
se a súa morte  
abre en nós a esperanza do mencer?  
Non temas.  
Aínda o paxaro ten canciós  
e as estrelas se alcenden cada noite.

*Mar Maior (1963)*

*Manuel María*

Día das Letras Galegas 2016

**MANUEL MARIA**

# A esencia máis nosa

## Homenaxe a Manuel María no Concello de Oleiros



19 de Febreiro de 2005

DISCURSO PRONUNCIADO POR ÁNGEL GARCÍA SEOANE  
ALCALDE DE OLEIROS

### PALABRAS A MANUEL MARÍA

Benqueridos amigos e amigas; amigos e amigas de Oleiros; amigos e amigas de Manuel María. A miña intervención neste acto non se limita á dun Alcalde que clausura unha homenaxe a un persoeiro das letras galegas, senón que vai moito máis alá, porque máis alá ía tamén a miña admiración literaria e sobre todo, humana, co escritor da Terra Chá, co poeta chairego, co incansable defensor da cultura galega.

▲ súa defensa traducíuse non só nos moitos libros publicados, dende o “*Muiñeiro das brétemas*” até o “*Soneto das Casas das Hortas*”; nos seus milleiros de artigos nos medios de comunicación; nas súas incontables charlas e conferencias impartidas en todos os recunchos de Galicia e de fóra do noso país. Traducíuse tamén nunha disposición sempre aberta a colaborar, como fixo con Oleiros, naquelas actividades socioculturais nas que podía achegar a súa loita pola defensa do idioma, da palabra, da cultura, da identidade do noso pobo.

Manuel María foi para min, un home que tomou como mellor arma de loita, a palabra. Un home de mirada fonda; unha mirada que se recreaba mentres facía unha especie de radiografía do que todos víamos só a simple vista, mentres el degranaba co seu espírito tranquilo, co seu leve e repousado falar, co seu amable sorriso, co seu sinxelo e humilde ‘saber estar’, fuxindo de protagonismos absurdos e de ambicións perniciosas.

Día das Letras Galegas 2016

MANUEL MARÍA

# A esencia máis nosa

## Homenaxe a Manuel María no Concello de Oleiros

19 de Febreiro de 2005

Manuel María, con esa humildade que daba berros ás veces en silencio, foi firme e coherente co seu sentimento e co seu pensamento; un sentimento e pensamento que tiña dous camiños nos que, andándoos, alimentábase e alimentaba: o seu amor por Galicia, e o seu amor por Saleta. Penso que ambos eran indivisibles.

Non quero eloxiar a quen tantos homes e mulleres das letras galegas levan eloxiado, non só dende que Manuel María falta de entre nós fisicamente, senón tamén ó longo da súa vida. Só quero dicirlle dende aquí, mentres el *“escoita o Miño, co seu paso silandeiro, nos prados do Xancaíño”*, que aínda que faltas, non faltas Manuel; aínda que semella que non estás, estás máis ca nunca; aínda que non che poida neste intre dar un abrazo amigo no teu corpo, douche este abrazo amigo na túa esencia en nome de todo o pobo de Oleiros.

Manuel María soubo tamén defender a súa terra como concelleiro; tamén a palabra era a súa arma. Eran os anos 70, e o seu compromiso político co país levouno a sentar nas cadeiras dun salón de plenos. Pero o seu, estaba claro, ía quizais máis alá dun escano municipal, aínda que todos os fronts eran e son necesarios e mesmo complementarios, aínda hoxe. Pero el quería falar directamente á alma da xente, quería acariciar a alma das persoas, e facelas reflexionar a través do sentimento, a través da palabra chea de símbolos directos e indirectos.

# A esencia máis nosa



## Homenaxe a Manuel María no Concello de Oleiros

19 de Febreiro de 2005

Manuel María, soubo, como outros inmortalizados poetas do mundo, que a palabra, o verso, a poesía, eran o mellor camiño de expresión do seu sentir e pensar, e a súa mellor ferramenta para facer nacer, incrementar e alimentarnos con boas doses de sensibilidade, os nosos sinais de identidade.

O poema era a súa arma, a palabra era o vieiro polo que mellor transitaba. Por iso admiro a este home que soubo estar no primeiro plano, sen buscalo, sen ter que trepar nin renunciar xamais aos seus principios, á súa ética, aos seus valores. Manuel María, é para min e para nós, como o seu poema; ese ao que el mesmo dedicou estes versos:

*Un poema é un ser vivo que anda,  
respira, soña, chora, salouca,  
ama, berra, cintila e escurece,  
cala, aborrece a mentira,  
sente odio e ternura, desángase,  
fala de intimidade a intimidade  
coas cousas e coa xente, suxere  
mundos posibeis e imposibeis,  
suda, cansa, sente sede e fame,  
adoece, agoniza.*

*E nunca morre.*

Coma ti, Manuel María, coma ti, que para nós, seguirás vivo para sempre. *Moitas gracias.*

Día das Letras Galegas 2016

MANUEL MARÍA

# A esencia máis nosa

## Homenaxe a Manuel María no Concello de Oleiros



19 de Febreiro de 2005



Día das Letras Galegas 2016

MANUEL MARÍA

# A esencia máis nosa

## Homenaxe a Manuel María no Concello de Oleiros



19 de Febreiro de 2005



Día das Letras Galegas 2016

MANUEL MARIA

DOMINGO 20 FEBRERO 2005

### Área metropolitana

Descubre una placa conmemorativa con el nombre del autor en la biblioteca municipal

## Oleiros destaca el compromiso del escritor Manuel María con Galicia

El alcalde, Ángel García Seoane, presidió el emotivo acto, al que también acudieron la viuda del artista, Saleta Goy, y otros representantes del mundo literario

**Redacción / Oleiros**

La biblioteca municipal de Oleiros lleva desde ayer el nombre de Manuel María. El Ayuntamiento decidió homenajear con este gesto "ó home que sempre defendeu a lingua proletaria do seu pobo", como reza en la placa conmemorativa que se encargó de descubrir la viuda del escritor, Saleta Goy.

Con anterioridad, el alcalde, Ángel García Seoane, presidió el acto de homenaje que tuvo lugar en la casa Charry, en el que se dieron cita vecinos, familiares, amigos, y seguidores del poeta. Fue un encuentro emotivo en el que la figura de Manuel María estuvo muy presente a través de la proyección de un vídeo sobre su compromiso con Galicia y la concepción de su obra.

**Lectura de versos**

Seoane, quien agradeció la presencia de Saleta, a la que recibió con "esta é a túa casa", no dudó en leer algunos de los versos compuestos por María, y recordó el encuentro literario que se celebró en la biblioteca municipal que ahora lleva su nombre y al que acudió el poeta el 17


de diciembre del año 2003. "Foi para min un home que tomou a palabra como arma de loita", dijo el regidor oleirense, quien finalizó con "un

**El gobierno local proyectó un vídeo sobre la vida y obra del autor**


sempre seguirás vivo entre nós". Las palabras del alcalde levantaron los sinceros aplausos de los presentes, quienes brindaron así su pequeño homenaje al escritor de Terra Chá, al igual que lo hicieron las que pronunció el profesor de literatura de la Universidad de A Coruña, Carlo Paulo Martínez, quien

fue además amigo personal de Manuel María, de quien destacó la defensa de Galicia que éste llevó a cabo en vida.

Su viuda, Saleta Goy, muy emocionada, agradeció a todos el cálido homenaje tributado a su marido.



La placa en homenaje a María dice: "Ó home que sempre defendeu a lingua proletaria do seu pobo" / Jesús L.Frade



Los asistentes visualizaron un vídeo sobre la vida y obra de María / Jesús L.Frade

# A esencia máis nosa

## Homenaxe a Manuel María no Concello de Oleiros

19 de Febreiro de 2005



Vivir en Oleiros nº 19. Maio 2005

Un concello activo e solidario

Maio 2005

Nº 19

Vivir en Oleiros 21



## Oleiros homenaxeou a Manuel María

A Biblioteca de Oleiros leva o seu nome

◆ Dende o 19 de febreiro, a Biblioteca de Oleiros leva o nome de *Manuel María*. Así se recolle na Placa que o Alcalde Ángel García Seoane descubriu, acompañado da viúva do escritor finado, Saleta Goy, tralo acto de homenaxe celebrado na Casa Charry. Un acto no que interviron Mari Luz Corral Uzal, coordinadora da rede de Bibliotecas Municipais de Oleiros, o profesor Carlos Paulo Martínez, e o propio Alcalde, intervención que pechou o acto no que se proxectou un vídeo elaborado pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega, AS-PG, que recolle a vida e a obra do poeta chairego.

Día das Letras Galegas 2016

MANUEL MARÍA

# A esencia máis nosa

## Homenaxe a Manuel María no Concello de Oleiros

19 de Febreiro de 2005



La Voz de Galicia. 20 de febrero do 2005

DOMINGO  
20 DE FEBRERO DEL 2005



EDUARDO

García Seoane, con Mari Luz Urzal y Saleta Goy, viuda de Manuel María, en la biblioteca

El Concello pone su nombre a la biblioteca de la capital municipal

## Oleiros ensalza la faceta personal y literaria de Manuel María

*La Casa Charry  
acogió la proyección  
de un vídeo sobre el  
poeta chairego*

**Dolores Vázquez**

A CORUÑA

■ Oleiros no ha esperado ni a que se cumpla el medio año de la muerte del poeta Manuel María para rendirle un homenaje dándole su nombre a la biblioteca de Oleiros, con la que colaboró en vida en los proyectos impulsados por la coordinadora de estos centros municipales, Mari Luz Urzal.

El salón de plenos de la Casa Charry, quizás para recordar su breve paso por la política,

acogió ayer la proyección de un vídeo, elaborado por la Asociación Sociopedagógica Galega, en el que se recogen imágenes y fondos sonoros sobre sus múltiples apariciones públicas e intervenciones entre las que destaca su explicación sobre la escritura. «Cando me sento escribo un libro e o mal non é que o escribo, senón que o publico», explicaba con sorna el poeta en la grabación.

El profesor Carlos Paulo Martínez, amigo personal del autor, fue el encargado de ofrecer una breve semblanza de este literato del que dijo: «Poucos homes e mulleres teñen defendido como Manuel María este país» y al que agradeció esa «defensa de Galicia e a súa xenerosidade

sen límites». Consideró que no se puede entender la segunda mitad del siglo pasado «deste país sen a figura e a obra de Manuel María», del que leyó cuatro poemas. El alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, destacó que el poeta chairego tomó como «arma a palabra» y alabó que fue «firme y coherente» tanto en su pensamiento como en sus sentimientos. Recordó que Manuel María fue concejal y apuntó que su defensa por la patria «traduciuse nos seus libros, en milleiros de artigos, en incontables charlas e actividades en donde fixo unha defensa do idioma».

El acto concluyó con el descubrimiento de la placa por parte de su viuda, Saleta Goy.

Día das Letras Galegas 2016

MANUEL MARÍA